

Presidente, deputados, xurado, compañeiros premiados, amigos, público todo, bos días.

Un recordo persoal para José Aurelio Carracedo, porque o feito de que él estivese implicado na xénese do proxecto do xornal "Orense Diario" levoume a min a deixar Radio Orense SER, onde traballara os 4 primeiros anos da miña carreira profesional, para formar parte do equipo que en 1990 puxo en marcha un xornal, alternativo e moderno, moi necesario para contribuir a un intento de corrección da deriva sociopolítica da provincia. A morte prematura de José Aurelio, estou seguro, foi un elemento principal de que este ilusiónante proxecto resultara frustrado. Grazas "Carra" polo teu exemplo profesional.

Grazas á familia de Obdulia Díaz Picouto e Lola Nóvoa Díaz por compartir e deixarme contar a súa historia, a de "As nais que non vos pariron". Por entender, coma min, que era de xustiza documentar e recoller nas súas voces feitos, recordos e sentimentos. Porque é necesario aprender desta historia de pobres e ricos onde reside o fundamental. Como sobrevive e trunfa, aínda nun ambiente social tan duro, a humanidade, a solidariedade entre os desposuídos, a irmandade real entre os netos biolóxicos e os de corazón de Obdulia, que perdura neles aínda despois de tanto tempo transcorrido. Obdulia e Lola déronlles por igual coidados e cariño, e transmitíronlles, sobre todo, o principio do respecto por un mesmo, do dereito a ter cada un o seu lugar no mundo.

O podcast de "As nais que non vos pariron" foi a miña primeira achega na nova etapa de radioliverdade.com, á que puíden dedicar tempo e traballo despois da miña xubilación da vida laboral. Era unha historia que gardaba para poder contala coa extensión e o respecto que esixe.

Radioliverdade.com é unha radio libre, comunitaria, colaborativa, aberta e mesmo ambulante. É, por riba de todo, ceibe de ataduras, na que hai sitio para que cada quen, individualmente ou como parte dun colectivo, exprese as súas creacións, ideas ou reivindicacións.

A liberdade está nas nosas mans: a de elixir onde e como nos informamos e buscar a verdade das cousas, especialmente nestes tempos de noticias falsas, "contidos informativos" elaborados co único obxectivo de lograr notoriedade ou vender algo, e descaradas manipulacións da realidade buscando enganar ós cidadáns. A información veraz é a principal condición para o exercicio da liberdade.

A liberdade de expresar as nosas opinións e opcións:

Temos, por exemplo, liberdade para escoller a forza política á que confiamos a xestión dos medios de comunicación públicos. "Defendamos a Galega!"

"Se tocan a unha tócanos a todas!"

"Ningunha persoa é ilegal"

"A sanidade e a educación públicas non se venden, deféndense!"

Ourense non pode ser territorio de sacrificio a beneficio das compañías enerxéticas e mineiras que esquilman os recursos naturais. Tampouco para proveito de industrias agropecuarias, que con sistemas de cultivo descontrolados, ou a saturación de granxas, esgotan a terra e derraman a natureza envelenando o aire e as augas.

O concello de Ourense ten que superar a degradante etapa actual, para recuperar a dignidade política, social, cultural e cidadá. Os grupos políticos, sinaladamente o que sostén ó goberno municipal, deben facelo posible canto antes.

"Salvemos o galego!"

"Altri non!"

"Isarel, xenocida dos Palestinos!"

"Non ás guerras, a ningunha guerra!"

Radioliverdade.com existe porque ter a persoa un semellante que poida escoitalo é a primeira razón que agrupa ós seres humanos.

Escoiten os podcast de radioliverdade.com, escrito con v de verdade, e sigan a súa completa e actualizada axenda de eventos sociais e culturais.

Saúde e moitas grazas.